

Nome _____ Data _____

1 Completa o texto.

Os _____ son órganos ríxidos e resistentes que forman o _____.

Os ósos do noso corpo únense entre si mediante as _____.

2 Une cada óso coa parte do corpo en que se encontra.

Temporal •

Esterno •

Peroné •

• Tronco

• Cabeza

• Extremidades

3 Completa o texto.

Nos brazos e nas pernas temos ósos longos, como o _____


e o _____. Nas mans e nos pés temos moitos ósos pequenos,

as _____.

4 Constrúe unha oración coas seguintes palabras.

ósos – articulacións – ligamentos

5 Escribe o nome dos ósos sinalados.



6 Une cada músculo coa parte do corpo en que se encontra.

- | | |
|------------|----------------|
| Pectoral • | • Cabeza |
| Xemelgos • | • Tronco |
| Maseter • | • Extremidades |

7 Completa a táboa indicando en que parte do corpo se encontra cada músculo.

Músculos	Parte do corpo
Abdominais	
Maseter	
Bíceps	

8 Constrúe unha oración coas seguintes palabras.


articulación – músculo – antagonista

9 Completa o texto.

Os músculos son uns órganos que se unen aos _____ e fan que estes se movan.

Os músculos que realizan o movemento do esqueleto chámanse músculos _____.

10 Escribe o nome dos músculos que se sinalan no debuxo.



Nome _____ Data _____

1 Que é o esqueleto? Para que serve?

2 Como son os ósos do cranio? Cal é a súa función?

3 Que función ten a columna vertebral? Como se chaman os ósos que a forman?

4 Que é a cartilaxe? En que parte do aparello locomotor se encontra?

5 Escribe os nomes dos ósos.

Ósos do brazo

Ósos da perna

6 Explica que é unha articulación e que partes a forman.

7 Que órganos forman o aparello locomotor?

8 Explica que papel teñen os músculos no movemento do noso corpo.

9 Responde as preguntas.

- Para que serven os músculos das extremidades? Que forma teñen?

- Como se unen os músculos aos ósos?

10 Que movementos podemos facer con cada un dos seguintes músculos?

músculos da cabeza – músculos do tronco – músculos das extremidades

Nome _____ Data _____


- 1** Que nome recibe a armazón que lle dá forma ao corpo, permite manter a postura, intervén no movemento e protexe os órganos delicados?
 - a. Aparello locomotor.
 - b. Esqueleto.
 - c. Columna vertebral.
- 2** Como se unen entre si os ósos do esqueleto?
 - a. Mediante articulacións.
 - b. Mediante cartilaxes.
 - c. Mediante tendóns.
- 3** Nas articulacións móbiles, como o ombro ou o xeonllo, os ósos permanecen unidos entre si mediante...
 - a. cartilaxes.
 - b. tendóns.
 - c. ligamentos.
- 4** Como son os ósos do cranio e cal é a súa función?
 - a. Son planos e curvos e a súa función é protexer o cerebro.
 - b. Son planos e grandes e a súa función é manter a cabeza erguida.
 - c. Son planos e finos e a súa función é darlle forma ao encéfalo.
- 5** Como son os ósos da columna vertebral e cal é a súa función?
 - a. Son ósos planos, chamados vértebras, e a súa función é permitir que camiñemos rectos.
 - b. Son ósos curtos, chamados vértebras, e a súa función é protexer a medula espiñal.
 - c. Son ósos curtos, chamados costelas, e a súa función é protexer os órganos internos.
- 6** En que parte do corpo se encontran os ósos longos?
 - a. Na cabeza.
 - b. No tronco.
 - c. Nas extremidades.
- 7** Os músculos esqueléticos únense aos ósos mediante...
 - a. tendóns.
 - b. ligamentos.
 - c. cartilaxes.
- 8** Como son os músculos do tronco?
 - a. Fusiformes.
 - b. Planos e grandes.
 - c. Planos e pequenos.
- 9** O aparello locomotor realiza os movementos grazas á capacidade dos músculos para variar...
 - a. de tamaño.
 - b. de posición.
 - c. de composición.
- 10** Na articulación do codo, bíceps e tríceps actúan como músculos antagonistas, é dicir, ...
 - a. realizan o mesmo movemento: contraense os dous á vez.
 - b. realizan movementos opostos: cando un se contrae, o outro reláxase.
 - c. realizan o mesmo movemento: reláxanse os dous á vez.

Nome _____ Data _____

1 Que é a atmosfera?

2 Escribe estas palabras onde corresponda no debuxo.

troposfera - estratosfera



3 Responde.

• En que parte da atmosfera abunda o ozono? _____

• Por que é importante este gas? _____

4 Define estes conceptos.

• Tempo: _____

• Clima: _____


5 Enumera os elementos que definen o clima dun lugar e indica as unidades de medida en que se expresan.

6 Que factores inflúen nos climas? Enuméraos.

Nome _____ Data _____

1 Explica que é a atmosfera e por que é importante para a vida na Terra.

2 Escribe no debuxo o nome das capas da atmosfera máis próximas á superficie terrestre.



3 A que se refire esta afirmación, ao tempo ou ao clima? Explica por que.

A previsión meteorolóxica indica que mañá irá moito frío na Meseta.

4 Enumera os elementos que definen o clima e indica as unidades de medida en que se expresan.

5 Explica por que en España o clima varía dunha zona a outra.

6 Colorea o debuxo segundo a lenda.



- Morado Zona fría
- Verde Zona temperada
- Vermello Zona cálida

7 Observa o debuxo da actividade anterior. En que zona está España? Explica como son as temperaturas nesa zona climática.

8 Como serán as temperaturas neste lugar? Xustifica a resposta.



9 Onde choverá máis, na Meseta ou no norte de España? Explica por que.

10 Observa o climograma e responde.

- Que representan as barras? _____
- _____
- E a liña? _____
- En que meses hai seca? _____
- _____

